UNIVERSIDADE DA CORUÑA

| Guía Docente | | | |
|---|---|---|---|
| Datos Identificativos | | | 2024/25 |
| Asignatura (*) | Hábitat Básico | Código | 630G02062 |
| Titulación | Grao en Estudos de Arquitectura | | |

| Descriptores | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 2º cuadrimestre | Quinto | Optativa | 6 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Idioma | CastelánGalegoInglés | | |
| Modalidade docente | Presencial | | |
| Prerrequisitos | | | |
| Departamento | Construcións e Estruturas Arquitectónicas, Civís e AeronáuticasExpresión Gráfica ArquitectónicaProxectos Arquitectónicos, Urbanismo e Composición | | |
| Coordinación | Muñiz Núñez, Patricia | Correo electrónico | patricia.muniz@udc.es |
| Profesorado | Lizancos Mora, Plácido<br>Mesejo Conde, Mónica<br>Muñiz Gomez, Santiago<br>Muñiz Núñez, Patricia<br>Pérez Rodríguez, Alberte<br>Rodriguez Alvarez, Jorge | Correo electrónico | placido.lizancos@udc.es<br>monica.mesejo@udc.es<br>santiago.muniz@udc.es<br>patricia.muniz@udc.es<br>alberte.perez@udc.es<br>jorge.ralvarez@udc.es |
| Web | | | |
| Descrición xeral | Esta materia ten por obxectivo desenvolver as capacidades do alumnado para analizar -desde un enfoque de dereitos- a construción do hábitat humano a partir de procesos, formais ou non, tanto nas sociedades opulentas como nas empobrecidas. | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|---|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A12 | Capacidade para concibir, calcular, deseñar, integrar en edificios e conxuntos urbanos e executar estruturas de edificación. (T) |
| A13 | Capacidade para concibir, calcular, deseñar, integrar en edificios e conxuntos urbanos e executar sistemas de división interior, carpintería, escaleiras e demais obra rematada. (T) |
| A14 | Capacidade para concibir, calcular, deseñar, integrar en edificios e conxuntos urbanos e executar sistemas de cerramento, cuberta e demais obra grosa. (T) |
| A16 | Capacidade para concibir, calcular, deseñar, integrar en edificios e conxuntos urbanos e executar instalacións de subministración, tratamento e evacuación de augas, de calefacción e de climatización. (T) |
| A17 | Aptitude para aplicar as normas técnicas e construtivas. |
| A18 | Aptitude para conservar as estruturas de edificación, a cimentación e obra civil |
| A19 | Aptitude para conservar a obra rematada |
| A20 | Aptitude para valorar as obras. |
| A21 | Capacidade para conservar a obra grosa. |
| A22 | Capacidade para proxectar instalacións edificatorias e urbanas de transformación e subministración eléctricas, de comunicación audiovisual, de acondicionamento acústico e de iluminación artificial. |
| A23 | Capacidade para conservar instalacións. |
| A24 | Coñecemento axeitado da mecánica de sólidos, de medios continuos e do solo, así como das calidades plásticas, elásticas e de resistencia dos materiais de obra pesada. |
| A27 | Coñecemento axeitado dos sistemas construtivos industrializados. |
| A28 | Coñecemento da deontoloxía, a organización colexial, a estrutura profesional e a responsabilidade civil. |
| A29 | Coñecemento dos procedementos administrativos e de xestión e tramitación profesional. |
| A33 | Coñecemento da dirección e xestión inmobiliarias. |
| A34 | Capacidade para a concepción, a práctica e desenvolvemento de proxectos básicos e de execución, esbozos e anteproxectos. (T) |
| A35 | Capacidade para a concepción, a práctica e desenvolvemento de proxectos urbanos. (T) |
| A36 | Capacidade para a concepción, a práctica e desenvolvemento de dirección de obras. (T) |

| | |
|---|---|
| A37 | Capacidade para elaborar programas funcionais de edificios e espazos urbanos. (T) |
| A40 | Capacidade para exercer a crítica arquitectónica. |
| A44 | Capacidade para redactar proxectos de obra civil. (T) |
| A51 | Coñecemento axeitado dos métodos de estudo das necesidades sociais, a calidade de vida, a habitabilidade e os programas básicos de vivenda. |
| A52 | Coñecemento axeitado da ecoloxía, a sostibilidade e os principios de conservación de recursos enerxéticos e medioambientais. |
| A53 | Coñecemento axeitado das tradicións arquitectónicas, urbanísticas e paisaxísticas da cultura occidental, así como dos seus fundamentos técnicos, climáticos, económicos, sociais e ideolóxicos. |
| A55 | Coñecemento axeitado da relación entre os patróns culturais e as responsabilidades sociais do arquitecto. |
| A56 | Coñecemento axeitado das bases da arquitectura vernácula. |
| A57 | Coñecemento axeitado da socioloxía, teoría, economía e historia urbanas. |
| A61 | Coñecemento do análisis de viabilidade e a supervisión e coordinación de proxectos integrais. |
| A63 | Elaboración, presentación e defensa ante un Tribunal Universitario dun traballo académico orixinal realizado individualmente relacionado con calquera das disciplinas cursadas. |
| A64 | Coñecemento avanzado de aspectos específicos da materia de Expresión Gráfica Arquitectónica no contemplados expresamente na Orde EDU/2075/2010 |
| A65 | Coñecemento avanzado de aspectos específicos da materia de Matemáticas no contemplados expresamente na Orde EDU/2075/2010 |
| A67 | Coñecemento avanzado de aspectos específicos da materia de Proxectos no contemplados expresamente na Orde EDU/2075/2010 |
| A69 | Coñecemento avanzado de aspectos específicos da materia de Urbanismo no contemplados expresamente na Orde EDU/2075/2010 |
| A70 | Coñecemento avanzado de aspectos específicos da materia de Construción no contemplados expresamente na Orde EDU/2075/2010 |
| A71 | Coñecemento avanzado de aspectos específicos da materia de Instalacións no contemplados expresamente na Orde EDU/2075/2010 |
| A72 | Coñecemento avanzado de aspectos específicos da materia de Estruturas no contemplados expresamente na Orde EDU/2075/2010 |
| B1 | Que os estudantes demostrasen posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adoita atoparse a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo |
| B2 | Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dun xeito profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo |
| B3 | Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética |
| B4 | Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado |
| B5 | Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía |
| B6 | Coñecer a historia e as teorías da arquitectura, así coma as artes, tecnoloxías e ciencias humanas relacionadas con esta |
| B10 | Coñecer os problemas físicos, as distintas tecnoloxías e a función dos edificios de xeito que se dote a estes de condicións internas de comodidade e protección dos factores climáticos, no marco do desenvolvemento sostible |
| B11 | Coñecer as industrias, organizacións, normativas e procedementos para plasmar os proxectos en edificios e para integrar os planos na planificación |
| B12 | Comprender as relacións entre as persoas e os edificios e entre estes e o seu entorno, así como a necesidade de relacionar os edificios e os espazos situados entre eles en función das necesidades e da escala humana |
| C1 | Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma |
| C3 | Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para o aprendizaxe ao longo da súa vida |
| C4 | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común |
| C5 | Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras |
| C6 | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse |
| C7 | Asumir como profesional e cidadán a importancia do aprendizaxe ao longo da vida |
| C8 | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|---|---|---|
| **Resultados de aprendizaxe** | **Competencias / Resultados do título** | | |
| 1. Coñecer os dereitos políticos e sociais relacionados co habitar: dereito ao hábitat, dereito á vivenda e dereito á cidade. | A28<br>A33<br>A34<br>A37<br>A51<br>A53<br>A55<br>A56 | B6<br>B12 | C1<br>C3<br>C4<br>C5<br>C6<br>C7<br>C8 |
| 2. Recoñecer os procesos formais e non formais de construción do hábitat dende unha perspectiva complexa, que inclúe a análise do conflito de clases e de xénero, a consideración do impacto medioambiental, o entendemento das tensións existentes entre as diversas nacións e os seus sistemas políticos e entre os actores que interveñen no proceso de construción do hábitat. | A28<br>A29<br>A33<br>A55<br>A56<br>A57<br>A64<br>A65<br>A67<br>A69 | B1<br>B2<br>B3<br>B4<br>B5<br>B12 | C1<br>C3<br>C4<br>C5<br>C6<br>C8 |
| 3. Identificar os procesos de participación para a construción social do hábitat e as tácticas arquitectónicas e urbanísticas asociadas a eles. | A28<br>A33<br>A34<br>A35<br>A51<br>A52<br>A53<br>A55<br>A56<br>A57 | B1<br>B2<br>B3<br>B4<br>B5<br>B12 | C1<br>C3<br>C4<br>C5<br>C6<br>C7<br>C8 |
| 4. Desenvolver capacidades técnicas para a implementación de tecnoloxías apropiadas e apropiables nos proxectos de hábitat básico. | A12<br>A13<br>A14<br>A16<br>A17<br>A18<br>A19<br>A20<br>A21<br>A22<br>A23<br>A24<br>A27<br>A44<br>A70<br>A71<br>A72 | B1<br>B2<br>B3<br>B4<br>B5<br>B10<br>B11<br>B12 | C1<br>C3<br>C4<br>C5<br>C6<br>C7<br>C8 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 5. Visibilizar os vínculos entre as diferentes ramas do saber que actúan sobre o hábitat básico: arquitectura, enxeñerías, economía, dereito, política, antropoloxía, ciencias sociais, educación, saúde, etc. | A36<br>A40<br>A51<br>A53<br>A55<br>A57<br>A61<br>A63 | B1<br>B2<br>B3<br>B4<br>B5<br>B6<br>B12 | C1<br>C3<br>C4<br>C5<br>C6<br>C7<br>C8 |

| Contidos | |
|---|---|
| **Temas** | **Subtemas** |
| 1. Presentación da materia | Organización, obxectivos e avaliación.<br>O lugar da materia no Plan de Estudios e o dos seus contidos no exercicio das profesións do campo da arquitectura. |
| 2. Presentación do curso | Exposición do argumento do curso: dinámicas de traballo, obxectivos.<br>Proposta do primeiro ?Caso de estudio? como ensaio metodolóxico. |
| 3. Conceptualización | Conceptos de habitabilidade básica e hábitat básico.<br>A Habitabilidade Básica e o Hábitat Básico no mundo e na historia. Recoñecemento de casos exemplares. |
| 4. A Habitabilidade Básica como proceso | Enfoques transversais na Habitabilidade Básica: xénero, dereitos humanos e medio ambiente.<br>Estratexias económicas da Habitabilidade Básica. |
| 5. Axentes | a) As/os profesionais da arquitectura: utópicas, insurxentes e cómplices. O traballo pro bono.<br>b) Operadoras especializadas: as ONGD e as axencias globais.<br>c) As persoas: A participación cidadán; de persoas beneficiarias a auto xestoras. |
| 6. Tácticas arquitectónicas | a) Desde o deseño: crecemento, perfectibilidade, compartibilidade, versatilidade.<br>b) Desde a produción: DIY, auto construción asistida, squatter, réxime de cesión de uso, vivenda social... |
| 7. Tecnoloxías | a) Confort e estabilidade da edificación.<br>b) Saúde humana e sustentabilidade. |
| 8. Hábitat Básico | a) A cidade non formal: morfoloxía, estratexias de xestión, construción e uso.<br>b) Compromisos globais ante o Hábitat Básico: a Carta de Quito e os Cumios do Hábitat. A axenda 2030, os ODS.<br>c) O dereito á cidade: de Lefevbre a Harvey. |
| 9. Habitabilidades singulares | Emerxencia, cesión de uso, senfogarismo e okupación |

| Planificación | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Metodoloxías / probas** | **Competencias / Resultados** | **Horas lectivas (presenciais e virtuais)** | **Horas traballo autónomo** | **Horas totais** |
| Sesión maxistral | A27 A37 A40 A51 A57 A64 A65 A67 A69 B2 B3 B6 B11 C4 C6 C7 C8 | 15 | 0 | 15 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obradoiro | A12 A13 A14 A16 A17 A18 A19 A20 A21 A22 A23 A24 A29 A34 A51 A52 A53 A55 A56 A57 A61 A63 A70 A71 A72 B3 B4 B5 B12 C1 C3 C4 | 41 | 82 | 123 |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | A40 A51 A55 A56 A57 B6 B12 C1 C4 C6 C7 | 5 | 0 | 5 |
| Proba mixta | A17 A18 A28 A29 A33 A35 A36 A40 A44 A51 A52 A53 A55 A56 A57 A63 A70 A71 A72 B1 B2 B3 B4 B6 B10 B12 C1 C3 C4 C5 | 4 | 0 | 4 |
| Atención personalizada | | 3 | 0 | 3 |
| ***Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado** | | | | |

| Metodoloxías | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Sesión maxistral | Introdución dos conceptos teóricos fundamentais e das metodoloxías de análise e presentación dos casos de estudio teórico-prácticos. |
| Obradoiro | O alumnado aplicará os conceptos e metodoloxías aos casos de estudo propostos, co apoio e supervisión do profesorado. Isto inclúe para cada estudante a presentación oral do traballo práctico desenvolto, a resposta ante probas de control do proceso de capacitación e a produción dun documento final explicativo da análise realizada de cadanseu caso de estudio ou proposta de intervención.<br>Na liña do ensaiado en cursos anteriores, trazaranse colaboracións con outras escolas e/ou entidades, se as circunstancias así o permiten. Este feito pode modificar o calendario docente pola realización de viaxes ou actividades fóra das aulas, que en todo caso serán acordadas co alumnado matriculado. Atendendo a esto mesmo se valorará levar a cabo unha proposta educativa de aprendizaxe e servizo, na que os alumnos se forman traballando sobre as necesidades reais da contorna con obxectivo de melloralo. |
| Eventos científicos e/ou divulgativos | Asistencia a actividades organizadas polo centro, a UDC ou outros actores de coñecemento, que sexan recomendadas polo profesorado e que impliquen a asistencia e/ou participación en eventos científicos e/ou divulgativos (congresos, xornadas, simposios, cursos, seminarios, conferencias, exposicions e outro tipo de eventos) co obxetivo de profundizar no coñecemento de temas de estudio relacionados coa materia. |
| Proba mixta | Trátase dunha probra teórico-práctica na que o estudantado deberá obter unha calificación superior a cinco (5) sobre dez (10) puntos para superar a materia. |

| Atención personalizada | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |

| | |
|---|---|
| Proba mixta<br>Obradoiro | A avaliación é un proceso continuo no que a actividade que o estudantado desenvolve en cada unha das sesións do curso é observada é rexistrada.<br>Periódicamente -e, en todo caso, sempre que o estudantado así o requira- informaráselle da adecuación do nivel acadado polas súas actividades en relación cos obxectivos programáticos da materia.<br>En todo momento do curso, o profesorado brindará ao estudantado apoio complementario, de xeito individualizado, en horario coñecido.<br>A avaliación final será realizada polo profesorado sobre o traballo final elaborado polo alumnado, verificando a adquisición das capacidades persoais de análise, as destrezas para comunicar as súas ideas e a adquisición dos contidos teóricos e prácticos da materia. |

| Avaliación | | | |
|---|---|---|---|
| **Metodoloxías** | **Competencias / Resultados** | **Descrición** | **Cualificación** |
| Proba mixta | A17 A18 A28 A29 A33 A35 A36 A40 A44 A51 A52 A53 A55 A56 A57 A63 A70 A71 A72 B1 B2 B3 B4 B6 B10 B12 C1 C3 C4 C5 | É unha sesión na que o estudantado convocado demostrará a adquisición das capacidades e coñecementos propios da materia mediante unha proba teórico-práctica. | 34 |
| Obradoiro | A12 A13 A14 A16 A17 A18 A19 A20 A21 A22 A23 A24 A29 A34 A51 A52 A53 A55 A56 A57 A61 A63 A70 A71 A72 B3 B4 B5 B12 C1 C3 C4 | O obxectivo da materia é capacitar ao estudantado na análise e traballo práctico en casos relacionados coa Habitabilidade Básica.<br>Todo isto é formalizado nun traballo teórico-práctico, orixinal e inédito, que haberá de realizarse ao longo do período docente, acompasándose aos coñecementos teóricos impartidos polo profesorado.<br>Resultará nun documento final, realizado con metodoloxía científica, que se manifestará coas estratexias comunicativas propias das profesionais da arquitectura.<br>A realización do traballo teórico-práctico inclúe a xestión da información necesaria para a súa execución e a súa exposición e defensa nas sesións de traballo do curso. | 66 |

| Observacións avaliación |
|---|

Asistencia mínima. Aasistencia é obrigatoria polo menos a un 80% das sesións que compoñen o curso.Sen este requisito, o alumnado non poderá aprobar por curso a materia.
Todos os aspectos relacionados con "dispensa académica","dedicación ao estudo", "permanencia" e "fraudeacadémica" rexeranse conforme á normativa académica vixente da UDC.
No tocante ás actividades que xurdan, en relación co traballo no taller, eque supoñan algunha modificación do calendario ou horario lectivo, serán decarácter voluntario e sempre se ofrecerá unha alternativa dentro das horasestipuladas de asistencia obrigatoria.
Matrícula tardía. As persoas matriculadas con posterioridade ao comezo docurso académico deberán asistir ás clases teóricas e prácticas desde a data dasúa matrícula, tendo a posibilidade de recuperar as prácticas realizadas ata adata.
Avaliación. Para superar a materia, o alumnado dispoñerá de dúasoportunidades: maio/xuño e xuño/xullo. Na primeira oportunidade, o alumnadoserá avaliado polo seu traballo no taller.
Non entregar o traballo teórico-práctico no momento da primeiraoportunidade de avaliación implica unha cualificación de "Nonpresentado".
Quen non superase esta primeira oportunidade poderá presentarse a unhasegunda, que consistirá nunha proba mixta de tipo teórico-práctico no mes dexuño/xullo, segundo o calendario oficial. Para poder presentarse a esta segundaoportunidade, o alumnado deberá entregar o traballo teórico-práctico,adecuadamente titorizado polo profesorado, no momento de realización da proba.
A detección de plaxio, así como a realización fraudulenta deprobas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicarádirectamente a cualificación de suspenso ?0? na materia na convocatoriacorrespondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas asactividades de avaliación para a convocatoria extraordinaria.
Atención á diversidade: A materia poderá seradaptada ao estudantado que precise a adopción de medidas encamiñadas ao apoioá diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ourelacionada coa saúde mental). De ser o caso, deberán contactar cos servizosdisponíbeis na UDC/no centro: nos prazos oficiais estipulados de maneira previaa cada cuatrimestre académico, coa Unidade de Atención á Diversidade da UDC; noseu defecto, coa tutora ADI da ETSAC.

| Fontes de información | |
|---|---|
| **Bibliografía básica** | - Colavidas Espinosa, F., Salas Serrano, J. e Oteiza San José, I. (2006). Hacia una manualística universal de habitabilidad básica . Madrid: Mairea Libros<br>- Hall, P (1996). La Ciudad de la Difícil Equidad en: Las Ciudades del Mañana. Historia del Urbanismo en el Siglo XX. Barcelona: Ediciones del Serbal<br>- Harvey, D.  (2013). Ciudades Rebeldes. Del derecho a la ciudad a la revolución urbana. Madrid: Akal<br>- Lefevbre, H (1973). El derecho a la ciudad. Barcelona: Península<br>- Lizancos e Ergosfera (2012). Una investigación universitaria, análisis comparativo de las máquinas arquitectónicas de vivienda para contextos de crisis de habitabilidad. A Coruña: Universidade da Coruña<br>- Montaner, J.M. e Muxi, Z (2011). Arquitectura y política. Ensayos para mundos alternativos. Barcelona: Editorial Gustavo Gili<br>- Morales Soler, Eva  (2012). Casa Más o Menos. Blog en torno á vivenda e o hábitat entendidos como proceso<br>- Naciones Unidas (s.d.). Programa das Nacións Unidas para os Asentamentos Humanos. Repositorio institucional de UN Habitat<br>- Turner, J. e Fitcher, R (1976). Libertad para construir: el proceso habitacional controlado por el usuario. Madrid: Siglo XXI Ediciones<br>- VV.AA.  (2018). Aportaciones feministas a las arquitecturas y las ciudades para un cambio de paradigma. Número monográfico da revista Hábitat y Sociedad, n. 11. 2018. Universidad de Sevilla<br>- Lacol (2018). Construir en colectivo. Participación en arquitectura y urbanismo. Barcelona: Pol·len edicions<br>- Col·lectiu Punt6 (2019). Urbanismo feminista. Barcelona: Virus editorial<br><br /> |

| | |
|---|---|
| Bibliografía complementaria | - Calo, E. (dir.), Rufer, H.C., Lizancos, P. (dir.), Lloyd, S. (dir.) (2018). Empty Coruña?: reimagining the city through agency, objects and processes: summer school. A Coruña: Universidade da Coruña<br>- Lizancos, P. (2017). La casa autogestionada: análisis de la estrategia del emigrado gallego para proveerse de hogar.. Revista Internacional de Estudios Migratorios, Vol. 7, Nº. 2, págs. 339-369. Universidad de Almería<br>- Montaner, Josep M. (2014). Del diagrama a las experiencias, hacia una arquitectura de la acción.. Barcelona: Editorial Gustavo Gili<br>- Proyecto Esfera (2011). Carta Humanitaria y normas mínimas para la respuesta humanitaria. Proyecto Esfera<br>- Lacol y La Ciutat Invisible (2018). Habitar en comunidad. La vivienda cooperativa en cesión de uso. Madrid: Catarata |

| Recomendacións |
|---|
| **Materias que se recomenda ter cursado previamente** |
| |
| **Materias que se recomenda cursar simultaneamente** |
| Paisaxe e Hábitat sostible/630G02056 |
| **Materias que continúan o temario** |
| Traballo Fin de Grao/630G02059 |
| **Observacións** |
| Segundo se recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia  |

**(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías**